



BASES REGULADORAS DA SELECCIÓN E CONTRATACIÓN EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL DE 1 MONITOR DEPORTIVO AO ABEIRO DO PROGRAMA FOMENTO DO EMPREGO (PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2020, DA DEPUTACIÓN DE LUGO).

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA.

É obxecto desta convocatoria - conforme ao previsto nas Bases Reguladoras do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020 (B.O.P Lugo nº 077, de 03-04-2020) e dentro do punto 3ª, C.3, PROGRAMA FOMENTO DO EMPREGO 2020, a contratación en réxime laboral con carácter temporal e xornada completa - para o seguinte posto de traballo:

POSTO	OBRA/SERVIZO	DURACIÓN	XORNADA
1 Monitor deportivo	Coordinación das actividades deportivas do concello	9 Meses	100%

1.1. FUNCIONES.

Desempeñarán as funcións propias da súa categoría e grupo profesional :

- Monitor deportivo: Colaboración e/ou coordinación de tódalas actividades deportivas ou lúdico-deportivas que se desenvolveran no concello, ademais de realizar e organizar as actividades de promoción e animación cos nenos/as e adultos e aquelas outras que garden relación e que lle sexan encomendadas pola Alcaldía ou concelleiro delegado.

2. REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

Os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos no momento de realización do proceso de selección :

- Ter a nacionalidade española ou atoparse comprendido no eido de aplicación do artigo 57 do Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Ter cumpridos os 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas do emprego a que se aspira, non padecendo enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das súas funcións.

A persoa que resulte seleccionada aportará antes da sinatura do contrato certificación médica ou equivalente, acreditativa de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das correspondentes funcións (a non presentación con levará a perda do posto).

No caso de que se teña condición de discapacitado/a, a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación. Os/as aspirantes con discapacidade, farán constar na súa instancia se precisan adaptación para as probas.





- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin se atopar en estado de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que se desempeñaban no caso do persoal laboral, do que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado e nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.
- Estar inscrito como desempregado ou en mellora de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia. (Artigo 7.1 das Bases reguladoras do Plan provincial único de Cooperación cos Concellos de 2020).
- Estar en posesión do Título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria (ESO), Formación profesional de primeiro grado ou equivalente, ou en condicións de obtelo na data de remate do prazo de presentación de instancias.
- Permiso de conducir clase B.
- Tódolos requisitos xerais e específicos deberán estar en posesión do/a/s solicitante/s o día de finalización do prazo de presentación da instancia, debendo manterse os mesmos durante o proceso selectivo.

3. SOLICITUDE E ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

3.1.- Solicitudes. A selección do persoal a contratar levarase a cabo mediante a presentación de instancia - segundo o modelo que figura no Anexo II das presentes bases - dirixido ao Sr. Alcalde, presentándose no Rexistro Xeral do Concello de Begonte , en horario de 9:00 a 14:30 horas de luns a venres, ou a través de calquera dos medios que prevé a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de **cinco (5) días hábiles contados a partir do día seguinte** ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Cando as solicitudes se presenten fora do rexistro do Concello de Begonte, e co fin de axilizar os trámites, deberase remitir unha comunicación por correo electrónico info@concellodebegonte.es comunicando a presentación da solicitude, co selo de Correos ou do rexistro correspondente.

Os candidatos/as deberán acompañar - xunto coa correspondente instancia (modelo anexo I) -, a fotocopia compulsada do DNI ou documento que acredite a súa identidade, a fotocopia compulsada dos requisitos esixidos nestas bases para participar e da documentación acreditativa dos méritos alegados.

Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados, en tódolos seus extremos.





3.2.-Admisión de Aspirantes.

Rematado o prazo para presentar as instancias, o Alcalde ditará resolución no prazo máximo de 10 días , que conterà:

- A lista provisional de admitidos e excluídos coa especificación do motivo da exclusión.
- A designación do tribunal cualificador e a data da súa constitución.
- A data, hora e lugar en que se valorarán os méritos alegados polos candidatos e se realizará a fase de oposición.

Esta resolución publicarase de xeito íntegro no Taboleiro de Anuncios do Concello e na súa páxina web: www.concellodebegonte.es.

Concederase un prazo de 2 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución , para a emenda de posibles deficiencias polos aspirantes excluídos, que se aceptarán ou rexeitarán mediante resolución pública de Alcaldía, publicada no taboleiro de anuncios e na páxina web municipal: www.concellodebegonte.es, aprobando a lista definitiva de admitidos e excluídos.

No caso de non haber excluídos, a lista provisional elevarase a definitiva automaticamente.

Contra a resolución do alcalde pola que se declaren definitivamente excluídos do proceso selectivo, o interesado poderá interpoñer recurso de reposición no prazo de un mes a contar dende o día seguinte á publicación no taboleiro de anuncios do Concello e na súa páxina web: www.concellodebegonte.es da devandita resolución, ou ben directamente o recurso contencioso - administrativo no prazo de dous meses desde a citada data. Non se poderá interpoñer recurso contencioso administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso de reposición ou se producise a súa desestimación presunta.

As bases íntegras da selección publicaranse no Taboleiro de anuncios do Concello de Begonte, no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Begonte e na páxina web <http://www.concellodebegonte.es/gl/concello/emprego>.

4. TRIBUNAL DE SELECCIÓN.

Constituirase un Tribunal de selección, formado por un número impar de membros, non inferior a cinco, debendo indicarse o mesmo número de suplentes.





O Tribunal de selección axustarase ao establecido nos artigos 60 e 61 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

Non poderán formar parte dos Tribunais as persoas de elección ou designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual. Na composición do Tribunal tenderase á paridade entre homes e mulleres. Non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a ou dos que legalmente os substitúan.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, comunicándolle ao Presidente, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no art. 23 da Lei 40/2.015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas nas presentes bases, de conformidade co establecido no art. 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Os membros do tribunal, terán dereito, pola súa concorrencia ás sesións, ao pagamento de asistencias na contía establecida de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, tendo en conta as actualizacións desta, vixentes na data da realización das probas, agás que estean prestando servizos nesta entidade local.

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a valoración dos méritos.

O nomeamento dos membros do Tribunal e os seus suplentes, realizarase por resolución da alcaldía e publicarse no taboleiro de anuncios do Concello de Begonte, no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Begonte e na súa páxina web (<http://www.concellodebegonte.es/begonte/empleo/>) xunto coa relación de aspirantes admitidos/as, así como o día, hora e lugar en que se reunirá e terá lugar o comezo das probas teóricas.

5. SISTEMA DE SELECCIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PROCESO.

O sistema de selección dos aspirantes será o de concurso-oposición.

I. FASE DE OPOSICIÓN.- (máximo 10,00 Puntos),

Será previa, terá carácter eliminatorio e consistirá en contestar por escrito, no tempo máximo de 30 minutos, a un cuestionario de 20 preguntas e 4 de reserva proposto polo tribunal sobre os temas establecidos no Anexo I, con tres respostas alternativas cada unha, sendo só unha de elas a correcta. As respostas correctas puntuarán 0,50 puntos, as erróneas se penalizarán con 0,20 puntos. As respostas en branco ou nulas non penalizarán.





A puntuación máxima será de 10 puntos, sendo o mínimo necesario para superar esta fase de 5 puntos.

A proba celebrarase no lugar e na data anunciado previamente no taboleiro de edictos do concello, Taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Begonte e na páxina web, conxuntamente coa lista de admitidos e excluídos e cos membros do tribunal. Os aspirantes deberán ir provistos do D.N.I. ou, no seu defecto, co pasaporte e carné de conducir.

II. FASE DE CONCURSO.- (Máximo 5,00 Puntos).

Terá lugar a continuación da fase de oposición, non terá carácter eliminatorio nin poderá terse en conta para superar a proba de oposición, e nesta fase o Tribunal avaliará os méritos alegados e acreditados polos aspirantes que superaron a fase de oposición, de acordo co seguinte baremo:

a) Titulación: Máximo 1,00 Puntos:

Por posuír as seguintes titulacións relacionadas coas funcións a desenvolver no posto de traballo:

- Ciclo de F.P. de grado medio na denominación de ensinanzas deportivas, Técnico Deportivo: 0,50 puntos.
- Ciclo de F. P. de grado superior na denominación de ensinanza deportivas, Técnico Deportivo: 0,75 puntos.
- Titulación superior de Diplomado Universitario en Maxisterio coa especialidade en Educación Física, Licenciado/graduado en Ciencias da Actividade Física e o Deporte: 1,00 puntos.

b) Experiencia profesional: Máximo 1,00 puntos.

- Servizos prestados como traballador/a nunha Administración Pública, en posto de traballo da mesma categoría e cometido funcional ao que se aspira: 0,15 puntos/mes completo.

Para acreditar estes traballos os interesados deberán presentar unha certificación da Administración de que se trate (agás aqueles aspirantes que traballaron no Concello de Begonte, os cales unicamente terán que facelo constar e non terán que presentar a certificación a que fai referencia este parágrafo), onde conste o tempo traballado na categoría á que se opta ou copia autenticada do nomeamento ou contrato de traballo suscrito para o efecto, e informe de vida laboral.

c) Cursos de formación: Máximo 1,00 puntos

- Pola participación ou realización de cursos ou actividades de formación directamente relacionadas coas funcións ou tarefas do posto, impartidas por Organismos Oficiais ou Centros de Estudos de calquera Administración Pública ou Entidades privadas acreditadas, valoraranse conforme á seguinte escala :





- De 10 horas ata 20 horas: 0,10 puntos
- De 21 horas ata 50 horas: 0,20 puntos.
- De 51 horas ata 100 horas: 0,40 puntos.
- De máis de 100 horas: 0,75 puntos.

Os cursos que, a xuízo do tribunal, non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias da praza, non serán puntuados. Tampouco serán puntuados aqueles cursos nos que non conste o nº de horas ou de duración inferior a 10 horas.

d) Coñecemento do Idioma Galego: Máximo 1,00 puntos.

Terán validez os cursos ou titulacións oficiais ou que foran obxecto de homologación, computándose unicamente o nivel superior. Valoraranse de conformidade coa seguinte puntuación:

- Celga 3 ou equivalente : 0,50 puntos.
- Celga 4 ou equivalente : 1,00 puntos.

e) Entrevista Curricular.- Máximo 1,00 puntos.

Terá carácter previo á valoración de méritos e terá como finalidade apreciar o dominio dos coñecementos, formación, estudos e experiencia profesional acreditados e a súa adecuación ao posto. Consistirá nunha serie de preguntas orais ou escritas, iguais para todos os aspirantes

6. CUALIFICACIÓN FINAL E PROPOSTA DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN.

A puntuación total do proceso selectivo será a suma das cualificacións das fases de oposición e de concurso.

En caso de empate na puntuación final, terán preferencia os participantes que obteñan a maior puntuación na fase de oposición, e despois dentro da fase de concurso no apartado de experiencia profesional e así sucesivamente seguindo a orde dos distintos apartados ata que se desempate. Se persiste o empate, resolverase por sorteo público.

O Tribunal publicará a relación de aprobados pola orde de puntuación no taboleiro de anuncios do Concello, no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Begonte e na súa páxina <http://www.concellodebegonte.es/begonte/empleo/> e elevará dita relación ao Alcalde- Presidente que aprobará a relación de candidatos pola súa orde de prelación aos efectos da provisión do posto.

A proposta de contratación notificarase ao/aos aspirante/es seleccionado/os e publicarase no taboleiro de anuncios do concello e na páxina <http://www.concellodebegonte.es/begonte/empleo/>.





Concederáse un prazo de 2 días hábiles, a contar desde a publicación para a presentación de reclamacións.

Elaboración de Lista de Reserva.- Co fin de asegurar a cobertura da praza convocada, no caso de que se produza a renuncia do aspirante seleccionado, con anterioridade ou despois de celebrar o correspondente contrato laboral, así como para a cobertura de posibles baixas, substitucións, etc, trasladarase a proposta de contratación a favor do/a seguinte aspirante que maior puntuación obtivese de acordo coa resultante da cualificación final obtida polos aspirantes que superaron o proceso selectivo.

7. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

O/a aspirante proposto/a achegará á Administración, dentro do prazo establecido, os documentos acreditativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria; salvo que estes xa foran presentados anteriormente xunto a documentación de participación. O apartado capacidade funcional, deberá acreditarse mediante a presentación de certificación médica ou equivalente.

Os que, dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou desta se deducise que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser contratados, polo que quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

8. RESOLUCIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

Constatado mediante a documentación sinalada no apartado anterior, que os aspirantes propostos reúnen os requisitos esixidos para o contrato, o Sr. Alcalde-Presidente resolverá a favor do aspirante proposto e formalizará co seleccionado/a o correspondente contrato laboral temporal a xornada completa, segundo o previsto na lexislación laboral aplicable.

En caso de renuncia ou non aportar a documentación esixida para a xustificación das condicións dos aspirantes dentro do prazo fixado no punto 7 destas bases, seguirase para a contratación a orde de puntuación obtida no proceso de selección.

9. NORMATIVA DE APLICACIÓN.

No non sinalado nas presentes bases de selección serán de aplicación as seguintes disposicións :

- Bases reguladoras do Plan Provincial Único de cooperación cos Concellos da Deputación Provincial de Lugo de 2020.
- Lei 7/1.985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local.





- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións vixentes en materia de réxime local.
- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 5/1997, de 22 de Xullo, de Administración Local de Galicia.
- Real Decreto Lexislativo 2/2015 , de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015 de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Real decreto 896/1991, de 7 de xuño polo que se establecen as regras básicas e programas mínimos aos que deben axustarse os procesos de selección dos funcionarios da administración local.
- Real decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da administración xeral do estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da administración xeral do estado.
- Restante normativa estatal ou autonómica vixente que sexan de aplicación por razón da materia.

A presente convocatoria e cantos actos administrativos que dela se deriven, así como das actuacións do Tribunal de selección, poderán ser impugnados polos/as interesados/as, nos casos e no xeito previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, así como na vixente lexislación da xurisdición contencioso administrativa. (Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso - administrativa).





ANEXO I : TEMARIO.-

- Tema 1. A Constitución Española
- Tema 2. A administración local. O Municipio.
- Tema 3. O Concello de Begonte. Cultura e deporte.
- Tema 4. Lexislación deportiva. Lei 3/2012 do deporte de Galicia.
- Tema 5. Evolución e desenvolvemento das capacidades físicas básicas.
- Tema 6. Anatomía e Fisioloxía do Corpo Humano.
- Tema 7. Actividade física, saúde e calidade de vida.
- Tema 8. Habilidades motrices básicas: Coordinación e equilibrio.
- Tema 9. O adestramento deportivo. Aspectos fundamentais.
- Tema 10. A importancia do xogo e os deportes na actividade educativa e no desenvolvemento físico.
- Tema 11. A educación física e o deporte como elementos socioculturais. Xogos e deportes populares.

O Alcalde
Asdo. José Ulla Rocha.





ANEXO II.- MODELO DE SOLICITUDE.

D/D^a. _____, con DNI núm. _____, data de nacemento _____ e domicilio para efectos de notificación en _____, municipio de _____ provincia de _____ e nº de teléfono _____/ dirección correo electrónico..... estando en coñecemento do proceso de selección convocado polo Concello de Begonte e publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº _____, de data _____, para a contratación en réxime laboral temporal polo prazo de 9 meses de unha (1) praza de Monitor Deportivo.

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

- Que son certos todos os datos consignados na solicitude.
- Que reúno, na data en que remata o prazo de presentación de instancias, todos os requisitos esixidos nas bases da convocatoria, as cales coñezo e acepto expresamente na súa totalidade.
- Que posúe a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias dos postos de traballo.
- Que non foi separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin se atopar en estado de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
- Que alego e acredito os seguintes méritos que se relacionan seguidamente , que se achega á presente solicitude.

Polo exposto SOLICITO que se me admita a presente solicitude xunto coa documentación adxunta, para concorrer ao proceso selectivo incoado aos efectos da provisión do posto.

_____, ____ de _____ de 2020

O/A solicitante,

Asdo.: _____

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BEGONTE.





ANEXO II. VALORACIÓN DE MÉRITOS

NOME E APELIDOS: _____

DNI núm.: _____

A.-TITULACIÓN.-

B.-EXPERIENCIA PROFESIONAL.-

Administración	Categoría	Xornada(%)	Período		Total		
			Desde	Ata	Días	Meses	Anos

C.- CURSOS DE FORMACIÓN.-

Denominación	Impartido por:	Nº horas

D.- COÑECEMENTO DO IDIOMA.-

